## A Veiga

Elevouse a definitivo, por non presentaren reclamacións, o acordo plenario adoptado en sesión de data 13.02.2008, de aprobación provisional da Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos de carácter deportivo, recreativo, de ocio e tempo libre e outras de natureza análoga, que se achega como anexo neste edicto, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, e a súa disposición transitoria, segundo a Lei 25/1988, do 13 de xullo.

Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos de carácter deportivo, recreativo, de ocio e tempo libre e outras de natureza análoga.

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

De conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19, en relación cos artigos 20 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese a taxa pola prestación de servizos ou a realización de actividades municipais de carácter deportivo, recreativo, de ocio e tempo libre e outras de natureza análoga.

Artigo 2º. Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a realización de actividades e a prestación de servizos de carácter deportivo, recreativo, de ocio e tempo libre e outras de natureza análoga, prestadas no ámbito da competencia municipal, tales como:

1º. Actividades culturais: cursiños e obradoiros.

2º. Actividades deportivas: cursiños de iniciación e perfeccionamento deportivos.

3º. Actividades recreativas, de ocio e tempo libre: rutas, excursións, viaxes e outros itinerarios lúdicos.

4º. Calquera outra actividade cultural, deportiva, de ocio e tempo libre programada polo Concello da Veiga, relacionada con actividades de ensino, culturais, deportivas, medio ambiente, turismo, ocupación do ocio e do tempo libre doutras de natureza análoga, para a que non se estipule a gratuidade.

Artigo 3º. Suxeito pasivo.

Serán suxeitos pasivos contribuíntes da taxa as persoas físicas ou xurídicas que soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas, xa sexa individual ou en representación dunha colectividade, das actividades e dos servizos que se xestionen a través do Concello.

Cando a petición para a participación nas actividades reguladas nesta ordenanza sexa formulada por un centro de educación, club ou asociación análoga estas terán a consideración de suxeito pasivo substituto.

Artigo 4º. Usuarios.

Serán usuarios todas aquelas persoas que participen nas actividades programadas.

Artigo 5º. Responsables.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38 e 39 da Lei xeral tributaria.

Cando os usuarios dos servizo sexan menores de idade ou maiores que non teñan capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria os pais, titores ou calquera outro representante legal.

Artigo 6º. Tarifas.

As tarifas que rexerán a taxa das actividades son as seguintes:

1º. Actividades culturais.

1.1.Cursiño de ata 20 horas: 20,00 euros.

1.2. Cursiño de ata 40 horas: 30,00 euros.

2º. Actividades deportivas.

2.1. Cursiños deportivos de ata 20 horas: 20,00 euros.

2.2. Cursiños deportivos de ata 40 horas: 30,00 euros.

3º. Actividades recreativas, de ocio e tempo libre.

3.1. 1/2 Día: 10,00 euros.

3.2. 1 Día: 15,00 euros.

3.3. 1 Hora: 2,00 euros.

En fracción de horas rexerá unha taxa proporcional ó importe da hora.

Artigo 7º. Normas de xestión.

Estes prezos inclúen nos casos das actividades deportivas o monitor, o material preciso para a practica do deporte e o seguro, e dá dereito ó uso, de balde, das instalacións e material deportivo municipal.

Estes prezos inclúen, nos casos das actividades lúdicas, de ocio e tempo libre, o guía turístico e o seguro, e dá dereito ó uso, de balde, das instalacións e material municipal.

Estes prezos inclúen, nos casos das actividades culturais, o monitor da actividade, o seguro e dá dereito ó uso, de balde, das instalacións e material municipal. Non inclúen a adquisición de materiais específicos de traballo.

Naquelas actividades que comporten gastos de transporte fóra do municipio, manutención ou hospedaxe, estes serán calculados ata cubri-lo 100% do custo.

As actividades que comporten un gasto adicional como a entrada ó recinto ou por uso de atraccións, estes serán aboados directamente polo usuario.

A Alcaldía ou a concellería correspondente poderá determina-la gratuidade das actividades ou cursiños considerados de grande interese social debido ás súas características ou ó sector de poboación ó que vaia dirixido, tralo informe previo do responsable do servizo que organice a actividade.

Non obstante ateranse ó disposto na programación específica de cada actividade.

Artigo 8º. Liquidación e ingreso.

Nace a obriga de contribuír dende o momento en que se presente a solicitude do interesado da súa inclusión na actividade. A taxa pagarase cando se confirme a admisión na actividade solicitada.

O pagamento realizarase, por anticipado, mediante aboamento na entidade bancaria e no prazo e forma que o Concello determine.

Artigo 9º. Devolucións.

En ningún caso se procederá á devolución do importe da taxa a petición do interesado, excepto cando se proceda a anular algunha actividade por motivos organizativos.

A renuncia á participación, unha vez iniciada a prestación do servizo, non dará lugar a devolución ningunha.

Artigo 10º. Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención ningunha na exacción desta taxa.

Poderán gozar dunha bonificación porcentual na cota tributaria os seguintes contribuíntes:

I. Para os cursiños culturais e deportivos:

- Usuarios empadroados na Veiga: -20%.
- Usuarios membros da mesma unidade familiar convivencial: -10%.
- Usuarios inscritos en dous ou máis cursiños simultaneamente: -10%.

(Estas bonificacións, que poderán ser acumulativas, deberán acreditarse no momento de face-la correspondente inscrición).

II. Para actividades recreativas, de ocio e tempo libre:

- Usuarios empadroados na Veiga. (Acreditarase coa presentación do DNI no momento de retira-lo vale pola actividade, debendo figura-lo domicilio na Veiga): -20%.

As bonificacións previstas neste artigo non serán de aplicación no caso previsto no artigo 5.3.2.

Artigo 11º. Inspeccións, infraccións e sancións.

En todo o relativo a inspeccións, infraccións e sancións ateranse ó disposto no previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 12º. Normas complementarias.

Ateranse ó disposto na programación específica de cada cursiño ou actividade.

Ateranse ó disposto na lexislación tributaria e de réxime local no non previsto nesta ordenanza.

Disposición adicional.

As tarifas anteriores poderán incrementarse anualmente co IPC.

Disposición final única.

Esta ordenanza fiscal será de aplicación o mesmo día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

A Veiga, 17 de abril de 2008. O alcalde.

---

Se elevó a definitivo, por no haberse presentado reclamaciones, el acuerdo plenario adoptado en sesión de fecha 13.02.2008, de aprobación provisional de la Ordenanza reguladora de la tasa por prestación de servicios de carácter deportivo, recreativo, de ocio y tiempo libre y otras de naturaleza análoga, que se adjunta como anexo en este edicto, lo que se hace público en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 17 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, y su disposición transitoria, según la Ley 25/1988, de 13 de julio.

Ordenanza reguladora de la tasa por la prestación de servicios de carácter deportivo, recreativo, de ocio y tiempo libre y otras de naturaleza análoga.

Artículo 1º. Fundamento y naturaleza.

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 15 al 19, en relación con los artículos 20 y siguientes del Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, se establece la tasa por la prestación de servicios o la realización de actividades municipales de carácter deportivo, recreativo, de ocio y tiempo libre y otras de naturaleza análoga.

Artículo 2º. Hecho imponible.

Constituye el hecho imponible de esta tasa la realización de actividades y la prestación de servicios de carácter deportivo, recreativo, de ocio y tiempo libre y otras de naturaleza análoga, prestadas en el ámbito de la competencia municipal, tales como:

1º. Actividades culturales: cursillos y talleres.

2º. Actividades deportivas: cursillos de iniciación y perfeccionamiento deportivos.

3º. Actividades recreativas, de ocio y tiempo libre: rutas, excursiones, viajes y otros itinerarios lúdicos.

4º. Cualquiera otra actividad cultural, deportiva, de ocio y tiempo libre programada por el Ayuntamiento de A Veiga, relacionada con actividades de enseñanza, culturales, deportivas, medio ambiente, turismo, ocupación del ocio y del tiempo libre de otras de naturaleza análoga, para la que no se estipule la gratuidad.

Artículo 3º. Sujeto pasivo.

Serán sujetos pasivos contribuyentes de la tasa las personas físicas o jurídicas que soliciten, resulten beneficiadas o afectadas, ya sea individual o en representación de una colectividad, de las actividades y de los servicios que se gestionen a través del Ayuntamiento.

Cuando la petición para la participación en las actividades reguladas en esta ordenanza sea formulada por un centro de educación, club o asociación análoga, éstas tendrán la consideración de sujeto pasivo sustituto.

Artículo 4º. Usuarios.

Serán usuarios todas aquellas personas que participen en las actividades programadas.

Artículo 5º. Responsables.

Responderán solidariamente de las obligaciones tributarias del sujeto pasivo las personas físicas y jurídicas a las que se refieren los artículos 38 y 39 de la Ley general tributaria.

Cuando los usuarios de los servicios sean menores de edad o mayores que non tengan capacidad de obrar, actuarán en su nombre, con los efectos previstos en la Ley general tributaria los padres, tutores o cualquiera otro representante legal.

Artículo 6º. Tarifas.

Las tarifas que regirán la tasa de las actividades son las siguientes:

1º. Actividades culturales.

1.1.Cursillo de hasta 20 horas: 20,00 euros.

1.2 Cursillo de hasta 40 horas: 30,00 euros.

2º. Actividades deportivas.

2.1. Cursillos deportivos de hasta 20 horas: 20,00 euros.

2.2 Cursillos deportivos de hasta 40 horas: 30,00 euros.

3º. Actividades recreativas, de ocio y tiempo libre.

3.1. 1/2 Día: 10,00 euros.

3.2. 1 Día: 15,00 euros.

3.3. 1 Hora: 2,00 euros.

En fracción de horas regirá una tasa proporcional al importe de la hora.

Artículo 7º. Normas de gestión.

Estos precios incluyen en los casos de las actividades deportivas el monitor, o material preciso para la practica del deporte y el seguro y da derecho al uso, gratuito, de las instalaciones y al material deportivo municipal.

Estos precios incluyen, en los casos de las actividades lúdicas, de ocio y tiempo libre, el guía turístico y el seguro y da derecho al uso, gratuito, de las instalaciones y al material municipal.

Estos precios incluyen, en los casos de las actividades culturales, el monitor de la actividad, el seguro y da derecho al uso, gratuito, de las instalaciones y al material municipal. No incluyen la adquisición de materiales específicos de trabajo.

En aquellas actividades que conlleven gastos de transporte fuera del municipio, manutención u hospedaje, estos serán calculados hasta cubrir el 100% del gasto.

Las actividades que conlleven un gasto adicional como la entrada a un recinto o por uso de atracciones, éstos serán abonados directamente por el usuario.

La Alcaldía o la concejalía correspondiente podrá determinar la gratuidad de las actividades o cursillos considerados de gran interés social debido a sus características o al sector poblacional al que vaya dirigido, previo informe del responsable del servicio que organice la actividad.

No obstante se estará a lo dispuesto en la programación específica de cada actividad.

Artículo 8. Liquidación e ingreso.

Nace la obligación de contribuir desde el momento en el que se presente la solicitud del interesado de su inclusión en la actividad. La tasa se pagará cuando se confirme la admisión en la actividad solicitada.

El pago se realizará, por anticipado, mediante abono en la entidad bancaria y en el plazo y forma que el Ayuntamiento determine.

Artículo 9. Devoluciones.

En ningún caso se procederá a la devolución del importe de la tasa a petición del interesado, excepto cando se proceda a anular alguna actividad por motivos organizativos.

La renuncia a la participación, una vez iniciada la prestación del servicio, no dará lugar a devolución alguna.

Artículo 10. Exenciones y bonificaciones.

No se concederá exención alguna en la exacción de la presente tasa.

Podrán gozar de una bonificación porcentual en la cuota tributaria los siguientes contribuyentes:

I. Para los cursillos culturales y deportivos:

- Usuarios empadronados en A Veiga: -20%.

- Usuarios miembros de la misma unidad familiar convivencial: -10%.

- Usuarios inscritos en dos o más cursillos simultáneamente: -10%.

(Estos extremos, que podrán ser acumulativos, deberán acreditarse en el momento de hacer la correspondiente inscripción).

II. Para actividades recreativas, de ocio y tiempo libre:

- Usuarios empadronados en A Veiga. (Se acreditará con la presentación del DNI en el momento de retirar el vale por la actividad, debiendo figurar el domicilio en A Veiga): -20%.

Las bonificaciones previstas en este artículo no serán de aplicación en el caso previsto en el artículo 5.3.2.

Artículo 11. Inspecciones, infracciones y sanciones.

En todo lo relativo a inspecciones, infracciones y sanciones se estará a lo dispuesto en lo previsto en la Ley general tributaria.

Artículo 12. Normas complementarias.

Se estará a lo dispuesto en la programación específica de cada cursillo o actividad.

Se estará a lo dispuesto en la legislación tributaria y de régimen local en lo no previsto en la presente ordenanza.

Disposiciones adicionales.

Las tarifas anteriores podrán incrementarse anualmente con el IPC.

Disposición final única.

La presente ordenanza fiscal será de aplicación el mismo día de su publicación definitiva en el Boletín Oficial de la Provincia, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

A Veiga, 17 de abril 2008. El alcalde.

R. 2.003

## A Veiga

Anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza de protección de datos de carácter persoal

Elevouse a definitivo, por non presentaren reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión de data 13.02.2008, de aprobación provisional da Ordenanza de protección de datos de carácter persoal, que se achega como anexo neste edicto, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, e a súas disposicións transitorias, segundo a Lei 25/1988, do 13 de xullo.

1.- Ficheiro do padrón municipal.

Descrición: este ficheiro contén os datos do padrón de habitantes do Concello da Veiga.

Finalidade: a finalidade deste ficheiro é a xestión do padrón municipal de habitantes.

Carácter informatizado ou manual estruturado do ficheiro: informatizado/papel.

Persoas ou colectivos dos que se pretende obter datos: habitantes do Concello da Veiga.

Procedencia dos datos: os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal e administracións públicas.

Procedemento de recollida de datos: formularios ou cupóns, transmisión electrónica de datos/internet.

Estrutura básica do ficheiro: o ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, DNI/NIF, enderezo e teléfono), así como datos de características persoais (idade, sexo, nacionalidade, lugar e data de nacemento, pasaporte, tarxeta de estranxeiría) e nivel de estudos finalizados.

Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Instituto Nacional de Estatística, órganos xudiciais, así como aquelas de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de lei. Non se prevén transferencias internacionais.

Órgano responsable do ficheiro: Concello da Veiga.

Responsable de seguridade: Servizo de Estatística.

Servizo ou unidade ante o que se pode exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Veiga.

Medidas de seguridade e nivel esixible: nivel básico.

2.- Ficheiro de nóminas e persoal.

Descrición: este ficheiro contén os datos persoais dos traballadores do Concello necesarios para a confección de nóminas, seguros sociais e xestión xeral do persoal.

Finalidade: a finalidade deste ficheiro é a confección de nóminas, seguros sociais e xestión xeral do persoal do Concello.

Carácter informatizado ou manual estruturado do ficheiro: informatizado/papel.

Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: funcionarios e traballadores fixos e eventuais do Concello da Veiga.

Procedencia dos datos: os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal e administracións públicas.

Procedemento de recollida de datos: entrevistas e formularios ou cupóns.

Estrutura básica do ficheiro: o ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, DNI/NIF, enderezo, n.º da Seguridade Social/mutualidade, teléfono), así como datos de características persoais (datos de estado civil, datos de familia, idade, sexo, nacionalidade, lugar e data de nacemento), datos académicos e profesionais (profesión, titulacións, experiencia profesional e pertenza a colexios ou asociacións profesionais), datos de detalle de emprego (corpo/escala, categoría/grao, posto de traballo e datos non económicos de nómina), datos económico-financeiros (ingresos e rendas, plans de pensións/xubilación, datos bancarios, datos económicos de nómina, seguros, datos de deducións impositivas/impostos) datos relativos á saúde.

Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Seguridade Social, Facenda Pública, Servizo Galego de Colocación, así como aquelas cesións de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de lei. Non se prevén transferencias internacionais.

Órgano responsable do ficheiro: Concello da Veiga.

Servizo ou unidade ante o que se pode exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Veiga.

Medidas de seguridade e nivel esixible: nivel alto.

3.- Ficheiro de selección de persoal.

Descrición: este ficheiro contén os datos persoais dos participantes nos procesos de selección de traballadores do Concello da Veiga.

Finalidade: a finalidade deste ficheiro é a xestión dos procesos selectivos de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Carácter informatizado ou manual estruturado do ficheiro: informatizado/papel.

Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: participantes nos procesos de selección do Concello.

Procedencia dos datos: os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal, administracións públicas.

Procedemento de recollida de datos: entrevistas, formularios e cupóns e transmisión electrónica de datos/internet.